

**MESA SECTORIAL DO 16, 22 e 23 de marzo:
Novos currículos, Orde das ensinanzas deportivas e varios.**

Santiago, 23 de marzo de 2021

Na Mesa Sectorial convocada para o día 16 e adiada posteriormente para o 22 e 23 de marzo comezamos por tratar os proxectos de decreto polos que se establecen os seguintes **currículos**:

- grao medio correspondente ao título de técnico en procesamento e transformación da madeira
- grao medio correspondente ao título de técnico en calzado e complementos de moda
- grao superior correspondente ao título de técnico superior en química e saúde ambiental
- grao superior correspondente ao título de técnico superior en termalismo e benestar

Dende a FeSP, non entramos a valorar os contidos específicos porque entendemos que están redactados por expertos. Pola contra, si botamos en falta contidos transversais de sensibilización social como a eliminación de prexuízos sobre roles de xénero ou de cara ó colectivo LGTBI entre outros. Dende a Consellería responden que van actualizar os proxectos neste senso. Solicitamos ademais a redución da ratio de "máximo 30" e a necesidade de desdobres. Se queremos dar calidade debemos reducir a ratio.

A continuación tratouse na reunión o Proxecto de Orde pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas **modalidades deportivas** de ensinanzas de réxime especial implantadas na comunidade autónoma de Galicia.

As nosas aportacións neste sentido referíronse ós seguintes aspectos específicos do articulado:

- **Art. 8.4:** *"A realización do MFP implicará estancias diarias do alumnado nas entidades colaboradoras que, con carácter xeral, será de duración igual ao horario laboral (...) e que en ningún caso poderá ser un tempo superior ás oito horas ao día e ás corenta horas semanais."* Consideramos que non debería poñerse de maneira taxativa. En moitos contextos de torneos, regatos... superan esas horas con autorizacións previas. A Consellería indica que, efectivamente, o tempo máximo se debe entender nun senso xeral e preferente, polo que si se pode solicitar unha ampliación puntual.
- **Art. 9.1., 9.2. e 9.3.** con respecto ó Programa formativo do MFP. Apuntamos que resultará difícil cumprir con estes requisitos, en función do nivel competitivo e profesional do club/entidade colaborador. Canto máis nivel teña máis hermético vai resultar. Algunhas entidades poden por problemas para que lle "impoñan" as actividades a realizar polos alumnos na fase de FCT (MFP). A Consellería responde que estas cuestións están reguladas polos ROC que se están elaborando e se intentará que todas as ensinanzas os teñan.

- **Art. 10.3.** “ O MPF impartirase simultaneamente co resto dos módulos de ensino deportivo, incluíndo, cando menos, vinte e cinco horas de clases presenciais (...)” Argumentamos que pode non resultar doado impartir o MPF (antes Proxecto de Fin de Ciclo) simultaneamente con resto de módulos. Case sempre se desenvolve con posterioridade á superación dos bloques común e específico; e despois do período de Prácticas (FCT). A Consellería responde que o MPF pode impartirse ao final ou de modo simultáneo.
- **O artigo 2.3** fala de que “...velarán pola igualdade de oportunidades e non discriminación...” Actualizarase.

Despois de debater sobre a Orde que desenvolve o decreto 229/2011 de **atención á diversidade** como vos dimos cumprida conta nas [novas da web](#), na última sesión desta Mesa, trasladamos ademais **outros asuntos** do voso interese:

- Insistimos en coñecer o estado das **licenzas por formación** (especialmente para as persoas que a teñen concedida dende o ano pasado). Contéstannos teñen coñecemento da situación e que están a estudar como soluciónalo.
- Preguntamos pola **Orde de dirección**. Contéstannos que están en proceso de elaboración. Posiblemente pasará pola Mesa a finais de marzo.
- Sobre a os novos **Regulamentos de Réxime Interno** (ROC). Informan que están en proceso de elaboración, pero non teñen claro que poidan estar listos para o vindeiro curso.
- Solicitamos novamente información sobre a **creación de CIFP**. Deberían mostrarnos un mapa con todos os datos referentes á FP Galicia e se se da o caso da necesidade ou conveniencia de crear estes centros. As medidas que afecten de forma xeralizada a un número importante de profesores deberían ser acordadas na mesa coas organizacións sindicais. Contéstannos que hai 20 centros existentes e 3 máis deste ano, non se prevén máis.
- Con respecto á **vacinación**, solicitamos que Saúde Pública nos informe das novas medidas sobre vacinación logo do cambio con respecto á administración de AstraZeneca ata os 65 anos. Comprométense a trasladar a solicitude.
- Sobre as **adscripcións provisionais no CXT**: No CEIP Eusebio da Garda de Coruña había dúas vacantes en El na proposta de Xefatura, e agora soamente cobren unha na provisional. Tamén hai vacantes por resultas que non aparecen cubertas. Por exemplo, praza de primaria no CEIP San Clemente de Caldas, etc...Necesitamos saber que pensa facer a Administración, se se está barallando suprimilas... Non se pronunciaron ó respecto.
- Propoñemos habilitar nas EEI unitarias de **dispositivos de teleasistencia**. Nas EEI unitarias adoita estar unha única persoa a cargo dos nenos e normalmente está todo o día soa con eles. Ademais

moitas están en zonas afastada do núcleo urbano. A idea de ter un dispositivo de teleasistencia por se algún día tivesen unha urxencia médica (como os que teñen as persoas maiores nas súas casas). Como só sería pulsar un botón, poderían ensinar aos nenos a pulsalo se a profesora non se atopase en condicións nese momento. É un sistema implantado xa e non son tantas escolas unitarias polo que o investimento é pequeno. A Consellería vai estudar a nosa proposta.

- Con respecto ás **Cátedras CMUS** preguntamos que vai pasar co profesorado que quedou sen a condición de catedrático? É urxente coñecer como vai quedar a aplicación da sentenza. A Consellería trasladará esta cuestión.
- Sobre a **oferta de emprego público de 2021** non dan resposta.
- Solicitamos que se acelere a publicación das **listaxes provisionais de admitidos** e excluídos no concurso oposición e no procedemento de cátedras. Darán traslado da petición a recursos humanos.
- **Licenzas por asuntos propios:** preguntamos que hai de certo sobre a denegación desta licenzas en certas especialidades. Afirmar descoñecer esta situación pero vanse interesar.